



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2013**

### **ASISTENTES:**

Presidente:  
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ  
D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

**SECRETARIO:**  
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e sete de novembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

D. Marcos Rodríguez Calvo disculpa a asistencia á sesión.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2013.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e seis de outubro de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. POS 2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da proposta da Alcaldía referente á inclusión de obras e gasto corrente no POS 2014, que foi informada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos do Pleno realizada o derradeiro día 21 de novembro de 2013.

As obras a incluír son as seguintes:

- Colector de saneamento en Sande cun importe que ascende á cantidade de 35.536,76€.
- Saneamento de augas residuais en Estoxa, cun importe que ascende á cantidade de 30.295,63€.

Para financiar o gasto corrente destínase a cantidade de 61.000€.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que obra do colector de Sande é moi necesaria e xa debería estar feita hai tempo.

Con respecto ao saneamento de Estoxa, considera que tamén é unha obra a ter en conta, pero que podían manexarse outras alternativas, sinala que o Grupo Municipal do Partido Popular, vai absterse de acordo co xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do Pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, reitérase o dito polo seu compañeiro de Grupo D. Marcos Rodríguez Calvo, no sentido de apoiar a proposta da alcaldía referente ao POS 2014.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, pregunta en relación ás obras proxectadas se existe a cesión dos veciños e as autorizacións administrativas.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que constan no expediente as cesións e a autorización de augas de Galicia, no que respecta á obra do colector de Sande, a obra de Estoxa discorre por vías municipais e non precisa ningunha outra autorización.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por maioría de votos ( 6 votos a favor da aprobación dos Sres. /Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PS de G - PSOE, AIAC e Mixto - BNG e 2 abstencións do Sr. /Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se Indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
COLECTOR DE SANEAMENTO EN SANDE	35.536,76€	—	35.536,76€
SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN ESTOXA	30.295,63€	—	30.295,63€
<b>SUBTOTAL /SUBMINISTRACIONES</b>	<b>65.832,39€</b>	<b>---</b>	<b>65.832,39€</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	61.000€
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	
<b>Subtotal gasto corrente e amortización débeda</b>	<b>61.000€</b>

### C) Resumo

<b>Denominación da obra</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>
Subtotal obras /Subministracións	65.832,39€		65.832,39€
Subtotal gastos correntes e amortización de débeda	61.000€		61.000€
<b>TOTAL</b>	<b>126.832,39€</b>		<b>126.832,39€</b>

2. Non aprobar plan complementario do ano 2014

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014 se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se producise efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concurrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3. ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do proxecto do orzamento municipal para o exercicio 2014, que ascende tanto en ingresos coma en gastos á cantidade de 1.159.500€. O mencionado proxecto foi informado favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día vinte e un de novembro de 2013.

Polo Sr. Alcalde remítese ao xa manifestado na mencionada Comisión informativa de asuntos do pleno.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que nos orzamentos non se ve ningún cambio nas políticas estruturais que necesita A Capela, polo que o seu grupo vai a votar en contra deste proxecto de orzamento para o exercicio 2014.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, anúnciase o voto favorable do seu grupo municipal ao orzamento municipal para o exercicio 2014, pero manifesta que quere lembrar que na piscina municipal en 5 anos gastáronse máis de 230.000€ e con ese diñeiro practicamente podía facer unha piscina nova, polo que hai que mirar de facer as obras doutro xeito e facelas ben, aínda que considera que a obra que se pretende levar agora adiante é necesaria senón habería que pechar a piscina.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D<sup>a</sup> Delia Paz Ardao dise que polo equipo de goberno entregouse un orzamento feito de xeito unilateral sen dar participación aos demais grupos municipais, dí que no orzamento non se ve ningunha asignación para o copago sanitario, bótase en falla actuacións concretas en materia de turismo e con respecto á obra da piscina parécelle excesivo o gasto en 70.000€ para unha obra que xa está feita.

Remata a súa intervención solicitando ao Sr. Alcalde datos concretos de distintas partidas do orzamento que fan referencia ás áreas de educación, transferencia a outros concellos, centro de saúde etc. Anuncia a abstención do seu grupo municipal neste asunto.

Polo Sr. Alcalde - Presidente, respóndase ás intervencións dos distintos voceiros dos grupos municipais, no sentido de que a piscina necesita o arranxo das súas instalacións, xa que senón tería que pechar e dí que cando se acordaron outras obras na mesma el non ostentaba a Alcaldía.

Polo que respecta ao centro de saúde concorda co manifestado por outros voceiros que necesita un maior mantemento e un pintado urxente que se tentará de facer o máis axiña posible, xa que agora o concello dispón de máis persoal laboral.

No que toca ao turismo o concello ten solicitada unha subvención pendente de confirmar para a sinalización do portal e das rotas de sendeirismo.

En canto á escola de Guitriz dí que está rematada e que se leva un ano pelexando con Fenosa, para que fagan a acometida de enerxía eléctrica, pero desde a compañía dín que non dispoñen de contadores.

Remata a súa intervención dicindo que con respecto ao copago sanitario os concellos non poden asumir todos aqueles servizos que deixan de prestar outras administracións públicas; e ademáis de darse estas axudas poderían perxudicar a moita xente na súa declaración da renda.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para deixar claro que o seu grupo está a favor da obra que se vai facer na piscina, pero que no seu día non estiveron de acordo e así o manifestaron cando se fixo a cubrición da mesma.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dí que asumir o copago sanitario é algo moi relativo, xa que o Concello da Capela, vive practicamente das transferencias e subvencións.

En canto ao centro de saúde considera que se vai a facer, pero que foi un absurdo solicitar un novo, cando xa o concello dispoñía dun edificio axeitado, é o que había que facer era renegociar o aluguer.

Sometido o asunto a votación, o pleno do concello, por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/ as dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE e 2 votos en contra do Sr. /Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular e 1 abstención da Sra. Concelleira do Grupo Mixto - BNG, adopta o seguinte acordo):

1º. Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2013 que neste orzamento ascende á cantidade de 783.687,96€.

2º. Aprobar o orzamento para o exercicio 2014 que comprende os seguintes:

## Estado de gastos

Capítulo	Descripción	Consignación
<b>A. OPERACIONES CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	328.666,19
2	Gastos correntes bens e servizos	558.815,4
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	21.000
Total operacións correntes		908.481,59
<b>B. OPERACIONES DE CAPITAL</b>		
6	Inversións Reais	251.018,41
7	Transferencias correntes	0
8	Activos financeiros	0
9	Pasivos financeiros	0
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		251.018,41
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.159.500

## Estado de ingresos

Capítulo	Descripción	Consignación
<b>A. OPERACIONES CORRENTES</b>		
1	Impostos directos	237.584,31
2	Impostos indirectos	6.000
3	Taxas, prezos públicos e outros	152.057,91
4	Transferencias correntes	572.873,24
5	Ingresos patrimoniais	500
Total operacións correntes		969.015,46
<b>B. OPERACIONES DE CAPITAL</b>		
6	Enajenación de inversións	0
7	Transferencias de capital	190.484,54
8	Activos financeiros	0
9	Pasivos financeiros	0
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		190.484,54
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.159.500

3°. Aprobar a plantilla de persoal e relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.

4º. Expoñelo ao público no BOP, por un prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.1 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

5º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do concello, xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781/86 do 18 de abril, e artigo 169.3 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, que aproba o TRLFL.

6º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da Administración do Estado e Autonómica.

#### **4. INFORME DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 3º TRIMESTRE 2013. DAR CONTA.**

Polo Sr. Alcalde solicítaselle ao secretario da Corporación que informe sobre o presente asunto.

Polo secretario - interventor do Concello, dase conta de que ao abeiro da orde HAP / 2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información, previstas na Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira con data vinte e cinco de outubro de dous mil trece, por esta secretaría intervención deuse cumprimento dos datos correspondentes á execución orzamentaria do terceiro trimestre do exercicio 2013, sendo os seus datos máis importantes os seguintes:


1. O concello non cumpre coa estabilidade orzamentaria, xa que no terceiro trimestre do exercicio 2013, ten un déficit de 36.529,19 €.
2. O concello cumpre coa regra de gasto.
3. O concello cumpre coa débeda ( en realidade o concello a día da data non ten ningún tipo de débeda a medio ou longo prazo).

O Pleno da corporación queda enterado.



E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas vinte e sete minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde Presidente,**



Manuel Meizoso López

**O Secretario,**



José A. Meizoso Paz